

Rodin e a mitoloxía simbolista

Do 25 de setembro ao 15 de novembro de 2009

Pazo Municipal de Exposicións Kiosco Alfonso

Xardíns de Méndez Núñez, 3
A Coruña



Horarios:

De luns a domingo
De 12 a 14 h e de 18 a 21 h

Servizo de información

Obra Social Fundación "la Caixa"

Tel. 902 22 30 40
De luns a domingo, de 9 a 20 h
www.laCaixa.es/ObraSocial

Rodin e a mitoloxía simbolista



Auguste Rodin, *O fauno e a ninfá*, cara a 1885, bronce. © Musée Rodin, París (S. 770). Deseño gráfico: Ortega y Palau



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



PALACIO DE EXPOSICIONES KIOSCO ALFONSO



Obra Social
Fundación "la Caixa"



Obra Social
Fundación "la Caixa"

En 1877, o aínda descoñecido Auguste Rodin expuxo a súa primeira grande obra, *A Idade de Bronce*, que causou conmoción polo seu marcado realismo: tiña xa por entón 37 anos. Vinte anos máis tarde, en 1897, a figura en xeso de *Balzac*, cumio da súa traxectoria estética, provocou un escándalo polo seu expresionismo e a súa tendencia á abstracción. Entre ambas as dúas obras sucedéranse o *Home camiñando*, os distintos bosquejos da *Porta do Inferno*, *O Bico*, *O Pensador* ou *Os Burgueses de Calais*, pasos fundamentais cara a vangarda. En 1900, unha exposición retrospectiva converteu a Rodin nun artista idolatrado: os principais museos do planeta disputáronse dende entón réplicas das súas obras e el puido pasarse os últimos 17 anos da súa vida gozando do éxito na súa casa de Meudon.

Este simple esquema biográfico revélanos un artista atípico, un home que se lanzou á actividade creativa tras un longo período preparatorio e que, máis tarde, viviu intensamente o traballo da imaxinación e das mans, multiplicando ata o indicible as figuras e as composicións. Compréndese que el mesmo pensase unha e outra vez no problema da creatividade e que realizase numerosos retratos de artistas, literatos e músicos intentando captar neles os detalles do xesto e a mirada que os convertían en seres peculiares. Pouco importaba que el mesmo, consultado sobre este punto, repetise que a inspiración non era senón traballo asiduo; á hora da verdade sentía, como tantos outros no seu medio, que certas enerxías mentais, aquelas que os antigos gregos chamaran Musas, Sereas ou Efinxes, dirixen e impulsan o traballo dos creadores.

E os creadores, na súa opinión, son todos iguais, tanto se usan a pluma ou o pincel como se modelan o barro ou os sons. Poucos artistas afirmaron con tanta claridade como Rodin a inexistencia de fronteiras entre as artes. De feito, a obra de maior empeño na que se embarcou foi *A Porta do Inferno*, unha tradución ao bronce da *Divina Comedia* composta por Dante. E, non obstante, non podemos enganarnos: a fusión de poesía e escultura nada ten que ver coa mecánica ilustración artística dun texto literario: o corpo dun condenado pode saír da *Porta*, independizarse, mesturarse con outros, sentir alegría

ou desesperación e arrastrar a mente de Rodin cara a diversas fantasías literarias: ás veces véñenlle á mente versos das *Flores do mal* de Baudelaire; moito máis a miúdo, dá a esas novas obras nomes inspirados en lendas mitolóxicas.

Rodin é, neste sentido, un verdadeiro simbolista, inmerso nas formulacións e sensacións do seu medio. Punto por punto, as súas obras parecen dialogar cos versos de Mallarmé, Heredia ou Rubén Darío, cando non cos pinceis de Gustave Moreau e de Odilon Redon. Coma eles, irmándase con Orfeo e Ícaro para chorar a perda das ilusións e, tanto ou máis que o propio Dante, volve a Virxilio para suxerir a impotencia dos heroes que poboan os infernos pagáns. Non obstante, os condenados non son para el malfeitores que reciben o seu merecido, senón irmáns na desgraza de calquera ser humano, que se ve esmagado pola brutal cegueira dos xuíces, os reis e os deuses olímpicos.

Como é lóxico, eses deuses olímpicos, tradicional reflexo dos poderosos deste mundo, non lle interesan en absoluto: se acaso, Apolo serve para adornar algún monumento oficial. Tampouco ve Rodin atractivo ningún nas vellas figuras do rococó decorativo, tales como ninfas, nereidas e outras deidades acuáticas. Realmente, como herdeiro do Romanticismo e irmán espiritual de Nietzsche e de Wagner, busca na relixión pagá ideas profundas de carácter cósmico que evidencian a forza incontible da Natureza. En primeiro lugar encóntranse as grandes presenzas que rodean o mundo — o Caos, a Terra, a Noite, a Aurora — e que o tinxen co seu misterioso influxo. Non obstante, aínda máis importantes son as enerxías profundas que xorden do interior dos seres vivos, os instintos que dominan o home e os animais máis alá da razón. Atopámonos ante o enigma deses monstros híbridos — sátiros, satiresas e centauros— que poboan o cortexo desenfreado de Dionisos e entramos, sobre todo, nun ciclo, o do amor apaixonado, que seduciu por forza a Rodin por enriba de calquera outro: Afrodita, Venus, Astarté ou Isis representaban, para todos os autores simbolistas, a clave de bóveda do paganismo, a proba da súa vixencia e a promesa da súa ansiada resurrección.



AUGUSTE RODIN
A Noite
Cara a 1894, bronce.
© Musée Rodin, Paris (S. 800)



AUGUSTE RODIN
Pequena serea
Cara a 1890, bronce.
© Musée Rodin, Paris (S. 1221)



AUGUSTE RODIN
Je suis belle
Cara a 1885, bronce.
© Musée Rodin, Paris (S. 1151)



AUGUSTE RODIN
O Creador
Cara a 1889, bronce.
© Musée Rodin, Paris (S. 1312)



AUGUSTE RODIN
A vella árbore
Cara a 1892, bronce.
© Musée Rodin, Paris (S. 2892)



AUGUSTE RODIN
Tres faunas
Cara a 1895, bronce.
© Musée Rodin, Paris (S. 6724)